

# MEMORIA

# ANO 2022



## ÍNDICE

	Páxina
1. INTRODUCCIÓN .....	3
2. XUSTIFICACIÓN .....	3
3. DATOS DE IDENTIFICACIÓN .....	4
4. RECURSOS .....	5
5. CAMPO DE APLICACIÓN .....	6
6. MISIÓN – VISIÓN – VALORES .....	6
7. OBXECTIVOS .....	7
8. SERVIZOS .....	8
8.1 Programa Intervención Terapia Ocupacional .....	8
8.2 Servizo de Fisioterapia .....	10
8.3 Programa de Neurorehabilitación cognitiva .....	11
8.4 Programa de Respiro Familiar .....	11
8.5 Actividades Complementarias .....	12
8.6 Programa de Lecer e Tempo Libre.....	14
8.7 Programa As Pontes Contigo .....	15
8.8 Servizo de Transporte Adaptado .....	16
9 BENEFICIARIOS/AS.....	18
10 METODOLOXÍA.....	18
11 TEMPORALIZACIÓN.....	20
12 CONCLUSIÓNS.....	21
13 TÁBOA INTERVENCIÓNS ANUAIS .....	22

## **A XANELA ASOCIACIÓN DE DISCAPACITADOS ACTIVOS**

### **1. INTRODUCCIÓN**

No mes de xaneiro do ano 2000 créase a actual “Asociación de Discapitados Activos A Xanela”, entidade libre e independente, sen ánimo de lucro e de carácter voluntario, pertence a COGAMI (Confederación Galega de Discapitados) dende 2006. A partir do 2021 tamén se lle da un pulo ao traballo con persoas maiores con deterioro leve, pois entendemos que son persoas que con capacidades limitadas tamén precisan dunha atención especializada para a mellora da súa calidade de vida.

A finalidade é coordinar e promover a defensa dos intereses das persoas con discapacidade e persoas maiores, có fin de conseguir a máxima atención social á problemática que representan, e á súa integración na sociedade.

Aínda que dende a nosa asociación se teñen levado a cabo diferentes accións orientadas a conseguir unha maior calidade de vida das persoas, detéctase a necesidade de intervir dende o ámbito terapéutico co obxectivo de capacitar ao máximo as posibilidades das persoas usuarias en todas actividades da súa vida diaria e por consecuencia diminuír a carga de traballo e responsabilidade sobre as tarefas de control do entorno das familias e/ou cuidadores/as principais, mellorando a súa calidade de vida e relación coa persoa con discapacidade ou persoa maior.

### **2. XUSTIFICACIÓN**

A vida de calquera persoa con limitacións no seu día a día depende en gran medida do entorno que lle rodea, particularmente da provisión de apoios existentes. A sociedade actual demanda das persoas un comportamento cada vez mais complexo.

As situacións de independencia persoal son parte esencial do desenvolver cotiá de todos/as. Pero non todas as persoas estamos preparadas para resolver as demandas crecentes que a vida diaria esixe. Neste senso, a aprendizaxe de habilidades para resolver distintas situacións de autonomía persoal é unha das tarefas básicas dos programas dirixidos a apoiar ás persoas que acoden á nosa entidade.

O obxectivo principal é prestar un conxunto de atencións as persoas con diversidade funcional ou persoa maior con algún deterioro no seu entorno, facilitando así, a permanencia no seu propio medio de convivencia.

A nosa entidade presta uns servizos socio-terapéuticos a toda a poboación diana, persoas socias e non socias, e ás súas familias, así como á cidadanía en xeral, para dar resposta ás necesidades do día a día, e que outros recursos non chegan a dar resposta. Os servizos ofertados son únicos no municipio, o que fai que a poboación pontesa conte cun recurso profesionalizado e de calidade para atender a ditas necesidades.

# A XANELA

### **3. DATOS DE IDENTIFICACIÓN:**

Domicilio Social: Rúa A Xanela, s/n, 15320 As Pontes de García Rodríguez  
Teléfono: 981.452.416 – 607.230.249 Fax: 981 452.416  
Correo Electrónico: [axanela@cogami.gal](mailto:axanela@cogami.gal)

Registros Legais:

- Rexistro Xunta de Galicia, Consellería Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza: 1989/002233-1ª.
- Rexistro Xunta de Galicia como entidade prestadora de Servizos Sociais (RUEPPS): E1385.
- Entidade declarada de Utilidade Pública, DOG do Nº73-páxina 19966 do 20/04/21.

Representante legal: Xunta Directiva.

A Xanela forma parte de COGAMI dende o ano 2006.

**Protección de Datos:** Co asesoramento da empresa Abnute desenrólase un plan persoal de acordo coa lei de protección de datos.

#### **4. RECURSOS**

##### RECURSOS HUMANOS

- **Xunta Directiva**, nomeada a partir da asemblea xeral de Socios cos seguintes cargos:
  - ✓ Presidente/a
  - ✓ Vicepresidente/a
  - ✓ Tesoureiro/a
  - ✓ Secretario/a
  - ✓ Vogais
- **Socios:**
  - ✓ Usuarios/as
  - ✓ Ao final do 2022 a entidade conta de 235 socios/as, sendo 112 homes e 123 mulleres.
- **Colaboradores**, 1 fisioterapeuta, 3 monitores especializados nas distintas actividades que se ofertan na entidade e 3 persoas voluntarias.
- **Profesionais:**
  - ✓ Unha administrativa
  - ✓ Unha terapeuta ocupacional
  - ✓ Unha educadora social
  - ✓ Un condutor de transporte adaptado

##### RECURSOS MATERIAIS

- **Infraestruturas:**
  - ✓ Local Social: Rúa A Xanela s/n, 15320 - As Pontes  
TEL. Tlfns.: 981452416 – 607230249
  - ✓ Local Ampliación: Rúa A Xanelas s/n, 15320 – As Pontes
- **Equipamento:**
  - ✓ Mobiliario
  - ✓ Equipos informáticos
  - ✓ Fotocopiadora
  - ✓ Destrutora de papel
  - ✓ Plastificadora

- ✓ Guillotina
- ✓ Cámara de fotos, TV, aparato de música
- ✓ Proxector
- ✓ Pizarra
- ✓ Deshumidificador, radiadores e canón de aire
- ✓ Vehículo adaptado
- ✓ Tablet
- ✓ Carro Snoezelen
- ✓ Material fisioterapia e psicomotricidade
- ✓ Material terapia ocupacional
- ✓ Material didáctico
- ✓ Material de oficina
- ✓ Acceso a internet.

## **5. CAMPO DE APLICACIÓN**

A asociación A Xanela presta un apoio integral e integrado ás persoas con discapacidade física, psíquica e sensorial e persoas maiores con deterioro cognitivo e/ou algún tipo de demencia leve-moderada, tamén atende a calquera persoa maior que teña interese en seguir mantendo as súas capacidades activas, co obxectivo de mellorar a súa calidade de vida e benestar, previndo a soidade, e fomentar a súa integración social e das súas familias.

## **6. MISIÓN – VISIÓN - VALORES**

Misión: Mellorar a calidade de vida e o benestar bio-psico-social das persoas usuarias da nosa asociación e dos seus familiares, así como promocionar a autonomía das persoas participantes nos diversos programas e servizos que esta ofrece.

Visión: A Xanela quere chegar a ser unha entidade centrada na atención de persoas con diversidade funcional, valorada no entorno social co que convive, transparente e eficaz na súa xestión e na que o seu equipo de traballo está comprometido.

Valores: Os valores que representan á Xanela son: diversidade, equidade, confianza, inclusión, implicación, xustiza social, transparencia e traballo en equipo.

## **7. OBXECTIVOS**

### ➤ **OBXECTIVO XERAL:**

Mellorar a calidade de vida e o benestar bio-psico-social das persoas usuarias da nosa asociación e dos seus familiares, así como promocionar a autonomía das persoas participantes nos diversos programas e servizos que esta ofrece.

### **OBXECTIVOS ESPECÍFICOS**

- Defender a dignidade e os dereitos das persoas con discapacidade.
- Reunir e difundir información xeral e especializada sobre os problemas da discapacidade.
- Promover a inclusión e participación social das persoas con discapacidade no entorno que as rodea.
- Fomentar o benestar físico e psicolóxico das persoas que participan na asociación.
- Sensibilizar a poboación xeral sobre a situación das persoas con discapacidade.
- Asesorar as familias das persoas usuarias sobre aquelas temáticas que axuden a mellorar a súa calidade de vida.
- Deseño e execución dos programas e intervencións sanitarias, sociais e educativas a nivel grupal e individual.
- Levar a cabo iniciativas e/ou programas que incorporen a perspectiva de xénero e que fan visible a problemática das mulleres con discapacidade.
- Fomentar a participación de persoas voluntarias na asociación.

## **8. SERVIZOS**

A continuación descríbense os programas desenvolados pola entidade.

### **8.1 PROGRAMA DE INTERVENCIÓN TERAPÉUTICA OCUPACIONAL PARA AS PERSOAS CON DISCAPACIDADE.**

Cando existe un deterioro, é necesaria unha **rehabilitación integral**, que persiga maximizar a autonomía da persoa con discapacidade dentro do seu medio, evitar as secuelas deste deterioro, que se poden reflectir nunha situación de exclusión social. Polo tanto, e ante esta necesidade, o obxectivo da Asociación de Discapitados Activos “A Xanela” é o de prestar un conxunto de atencións ás persoas con discapacidade no seu entorno, facilitando así, a permanencia no seu propio medio de convivencia.

A Terapia Ocupacional é o uso terapéutico de coidados persoais, traballo e lecer para aumentar a función independente, reforzar o desenvolvemento e previr a enfermidade.

O obxectivo xeral é colaborar no mantemento das persoas na comunidade, durante o maior tempo posible e en adecuadas condicións de saúde.

Os obxectivos específicos son:

- Manter o máximo nivel de autonomía posible nas Actividades da Vida Diaria Básicas e Instrumentais da persoa con discapacidade.
- Manter e/ou potenciar as capacidades existentes.
- Recuperar na medida do posible as capacidades perdidas.
- Estimular as capacidades físicas, cognitivas e sociais.
- Mellorar a autoestima.
- Asesorar ós familiares e/ou cuidadores e cuidadoras, na optimización da súa atención e cuidados mantendo a propia saúde do cuidador.
- Indicación, adaptación e adestramento no uso de produtos de apoio.
- Asesoramento para a adaptación funcional do domicilio.
- Promover a saúde e o benestar.
- Elaborar e levar a cabo actividades de lecer e tempo libre.

A metodoloxía inclúe 4 puntos: detección e valoración de necesidades, elaboración dun Plan de Atención Individualizado (PAI), seguimento e avaliación.

## **FUNCIÓNS E ACTIVIDADES DO PROGRAMA DE INTERVENCIÓN TERAPÉUTICA-OCUPACIONAL**

- Detección e valoración de necesidades: entrevista familiar para recoller datos sobre a situación socio-sanitaria e o grado de deterioro da persoa beneficiaria.
- Elaboración dun Plan de Estimulación Individualizado.
- Asesoramento para a adaptación do entorno familiar.
- Seguimento e avaliación periódica das persoas usuarias. Aplicación das escalas pertinentes.
- Programación e temporalización das actividades anuais.
- Programación, elaboración e avaliación de proxectos de cada un dos obradoiros
- Elaboración de memorias.
- Análise da realidade e estudo das necesidades das persoas beneficiarias, familias e contorna.
- Información e asesoramento da comunidade, familias e axentes involucrados nas atencións as persoas beneficiarias.

En horario de mañá temos terapias individualizadas para traballar os aspectos físicos, cognitivos e sociais, así como entrenar nas AVDB e AVDI, co fin de favorecer o máximo nivel de autonomía. As terapias están totalmente adaptadas as necesidades



de cada un dos usuarios. A duración das sesións é de 60 a 90 minutos, o número de beneficiarios é de 33 persoas usuarias.

**Obradoiro de Adestramento e Mantemento Funcional das AVDB e AVDI:** Actividades orientadas no entrenamento e na mellora das ABVD e AIVD para que os usuarios/as podan desenvolverse no seu día a día coa mínima axuda. Realízanse en horario de mañá e de xeito individual. O número de beneficiarios/-as é de 10 persoas.

**Programa de Estimulación Cognitiva:** Actividades orientadas no mantemento das capacidades cognitivas (orientación á realidade, reminiscencia, atención e concentración, memoria (a curto e longo prazo), cálculo, lectura e comprensión) dos usuarios/as. Realízase en horario de mañá cunha duración de entre 60 e 90 min. por sesión. O obradoiro realízase de xeito individual ou en grupos reducidos cun máximo de 3 a 5 persoas. O número de beneficiarios/-as son 18 persoas.

**Obradoiro de Estimulación Sensorial e Habilidades Manipulativas:** Actividades de estimulación multisensorial co fin de mellorar as condicións de vida das persoas con discapacidade, traballar as sensacións, a percepción e o sensorial que son as capacidades básicas do ser humano, optimizando a súa relación co entorno. Realízase en horario de mañá e de xeito individual. O número de beneficiarios/-as é de 10 persoas.

**Programa de Psicomotricidade e Mantemento físico:** Actividades que tenden a favorecer o dominio do propio corpo, a relación e comunicación cun mesmo, cos demais obxectos e persoas no espazo que lle rodea. A Xanela dispón para as persoas beneficiarias as súas instalacións para acudir de xeito individual en horario de mañá. A duración das actividades a realizar é variable, e vai de 30 a 60 min. Benefíciense un total de 18 persoas con diversidade funcional.

**Intervencións de Terapia Ocupacional no domicilio:** Có fin de mellorar a autonomía da persoa e mellorar a súa calidade de vida no seu propio entorno. Estas intervencións no domicilio permiten trasladar á vida diaria todos os obxectivos que se traballan nas sesións de Terapia Ocupacional. Durante o ano foron 2 persoas beneficiarias de dita intervención.

**Obradoiro de Novas Tecnoloxías:** Actividades realizadas co obxectivo de traballar as capacidades cognitivas, funcionais e sociais das persoas con discapacidade, utilizando as novas tecnoloxías, uso de ordenadores, móbil, tabletas... co fin de aprender a manexalos adecuadamente e a navegar de forma segura por internet co fin de aumentar ou manter a súa autonomía persoal e fomentar a inclusión social. Foron 8 persoas beneficiarias durante o ano 2022.

**Asesoramento en Produtos de Apoio:** Asesoramento de produtos de apoio co obxectivo de facilitar as persoas con discapacidade a realización das tarefas da vida diaria de forma autónoma ou con axuda dun asistente, con eficacia, seguridade e

comodidade; como prevención nun proceso dexenerativo, rebaixar o esforzo que require a actividade, evitar o reducir o risco de lesións ou accidentes; e diminuír ou evitar a dor.

## **8.2 SERVIZO DE FISIOTERAPIA.**

Realización de tratamentos individualizados tanto no centro como no domicilio, co fin de paliar ao máximo a dor dos usuario/as. Mellorar as capacidades físicas e o estado psicolóxico mediante a promoción da actividade física axeitada e a realización de exercicio. Realizáronse tratamentos aos usuarios/-as, tanto no propio local da entidade como no domicilio.

Dende setembro de 2021 a Xanela conta cun convenio de colaboración co Centro Activa de Narón, un profesional acude a nosa entidade os mércores en horario de mañá e tarde para a realización de sesións grupais de traballo para mellorar o equilibrio e coordinación, así como a realización de sesións individuais tanto no propio local coma nos domicilios. As persoas beneficiarias son un total de 12.

## **8.3 PROGRAMA DE NEUROREHABILITACIÓN COGNITIVA**

O programa de Neurorehabilitación cognitiva, NEURONUP, é unha plataforma WEB de Neurorehabilitación que complementa e amplía os servizos que se están a levar a cabo na nosa entidade. É un apoio fundamental para os profesionais implicados nos procesos de rehabilitación e estimulación cognitiva, está deseñado para traballar en dano cerebral, enfermidade mental, enfermidades neurodexenerativas como esclerose múltiple, párkinson, alzheimer, así como discapacidade intelectual. Trátase dunha ferramenta que permite realizar unha intervención intensiva e personalizada segundo as necesidades das persoas usuarias con actividades de adestramento cerebral en formato táctil.

O obxectivo xeral é mellorar o desempeño funcional das persoas e compensar os déficits cognitivos resultantes dun dano cerebral co fin de reducir as limitacións funcionais, aumentando a habilidade das persoas para executar as Actividades da Vida Diaria.

Os obxectivos específicos son:

- Restituír as funcións cognitivas que foron alteradas a consecuencia da lesión cerebral como a atención, a memoria, etc.
- Reducir ao máximo a repercusión das deficiencias derivadas do dano cerebral en diferentes actividades.
- Alcanzar o máximo grao de autonomía e independencia do usuario/a.

Durante o ano 2022 foron un total de 25 persoas usuarias que se benefician de dito programa.

#### **8.4 PROGRAMA DE RESPIRO FAMILIAR**

O Programa de Respirio Familiar está deseñado para intervir con persoas maiores con algún tipo de demencia e/ou deterioro cognitivo en fases iniciais e/ou avanzadas e as súas familias, favorecendo así o apoio á conciliación. Este servizo permite proporcionarlle ás familias tempo para o seu descanso, lecer, tempo libre e atención ás súas necesidades que poidan xurdir inesperadamente.

Está aberto a toda a cidadanía que teña esta necesidade, non é imprescindible ser socia da nosa entidade.

O obxectivo xeral é apoiar á familia na atención da persoa maior con demencia e/ou deterioro cognitivo ofrecéndolle a oportunidade de desenvolver unha vida familiar e social satisfactoria.

Os obxectivos específicos son:

- Facilitar atención temporal ás persoas maiores.
- Favorecer e mellorar as relacións entre as persoas maiores e as súas familias.
- Previr situacións de dependencia e soidade.
- Favorecer a permanencia no domicilio.
- Apoiar a conciliación das familias.
- Favorecer o mantemento de capacidades a nivel físico, psíquico e social.

#### **FUNCIÓNS E ACTIVIDADES DO PROGRAMA DE RESPIRO FAMILIAR**

- Detección e valoración de necesidades mediante entrevista familiar.
- Elaboración dun Plan de Estimulación Individualizado.
- Seguimento e avaliación periódica das persoas usuarias. Aplicación das escalas pertinentes.
- Programación, elaboración e avaliación de proxectos de cada un dos obradoiros.
- Elaboración de memorias.
- Análise da realidade e estudo das necesidades das persoas beneficiarias, familias e contorna.
- Deseño e execución das programacións formativas de sensibilización, prevención e información.
- Información e asesoramento da comunidade, familias e axentes involucrados nas atencións ás persoas beneficiarias.

Durante o ano 2022 foron un total de 5 persoas usuarias que se benefician de dito programa.

## 8.5 ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

A Xanela promove actividades grupais para promocionar tamén a autonomía e calidade de vida das persoas interesadas a través dos seguintes obradoiros:

**Obradoiro de encaixe de Palillos:** Actividade artesanal que se realiza co obxectivo de manter a capacidade funcional dos movementos e fomentar a socialización. Realízase os luns e martes en horario de 16h a 19h, no que participan un total de 18 persoas usuarias e socias.

**Obradoiro de Lanaterapia (Ganchillo):** Actividade artesanal na que se traballa a capacidade funcional, require ritmo e axilidade mental, creatividade e iniciativa. Os obxectivos principais son; reducir o estrés, mellorar o estado anímico e a motricidade manual e a autoestima. Realízase os mércores de 16h a 19h, no que se adapta a actividade as características de cada usuario/-a, participaron un total de 16 persoas usuarias.

**Obradoiro de Artes Plásticas:** Actividade onde se traballa a creatividade, con diferentes accións artísticas, co obxectivo de traballar a manipulación, reducir o estrés e fomentar a socialización. Esta actividade realízase os martes en horario de 16h a 19h, efectúanse actividades creativas manuais enfocadas a fomentar o desenrolo psicomotriz, a imaxinación, paciencia, destreza... sempre adaptando a actividade á capacidade de cada usuario/a. Participaron un total de 10 persoas usuarias.

**Actividades Socioeducativas:** Actividades adaptadas ao colectivo ao que nos diriximos, co obxectivo transversal de traballar as habilidades sociais e comunicativas, xestións de emocións e sociabilidade, a través de diferentes accións como preparación e conmemoración de días importantes, charlas, cineforum... Esta actividade realízase os xoves de 16h a 19h, cun total de 15 persoas usuarias.

**Obradoiro Creativo / Obradoiro Temporal:** A selección e adaptación das actividades realízanse en función das capacidades, necesidades e desexos dos usuarios, de modo que poidamos influír positivamente sobre a súa capacidade funcional, motivación, autoestima e dignidade. Realízanse actividades de carácter manipulativo e manual, requirindo materiais de diversa índole. Esta actividade realízase en horario de tarde, os martes e xoves de 16h a 19h; as dinámicas empregadas son variables e tiveron como obxectivo fomentar as relacións de compañeirismo, traballando e cultivando os valores que a convivencia do grupo precisa. O número de beneficiarios/as son 16 persoas con diversidade funcional. Os obradoiros foron os seguintes:

- Obradoiro de cabezudos impartido por Xosé Manuel Ribeira.
- Obradoiro de fotografía impartido por Carolina Díguele.
- Obradoiro de xabazón impartido por Yuma en colaboración con Euroeume.
- Obradoiro de Terapia asistida con animais en colaboración con Nexo Centros Veterinarios As Pontes.



**Hidroterapia:** Actividades terapéuticas realizadas na piscina municipal do Concello, como complemento ao proceso rehabilitador, con fin de mellorar a coordinación, a motricidade, facilitar o control postural e a relaxación muscular. Realízase os luns e mércores en horario de mañá de 11 a 12 horas, cun total de 2 persoas usuarias.

**Programa Vital Senior da Fundación Siel Bleu:** Actividades que tenden a favorecer o dominio do propio corpo, a relación e comunicación cun mesmo, cos demais obxectos e persoas no espazo que lle rodea. A Xanela conta cun convenio coa Fundación Siel Bleu, e durante 2 horas á semana acude un técnico á entidade para realizar o Programa Vital Senior, no que obxectivo principal e manter un adecuado estado físico dos nosos usuarios/as, a través de exercicios aeróbicos, de forza, ton, coordinación, lateralidade e relaxación, as persoas beneficiarias son un total de 18 usuarios/as.

**Musicoterapia:** Esta actividade realizouse os xoves en horario de tarde, en horario de 16.30h a 17.30h; contamos coa colaboración de voluntarios que acoden cos seus instrumentos musicais, participaron un total de 15 persoas.



**Obradoiros de Envellecemento Activo:** No mes de novembro dan comezo os obradoiros de envellecemento activo en colaboración co Concello de As Pontes, impartidos polas terapeutas ocupacionais da entidade e a onde se desprazan as diferentes asociacións do noso Concello, a participación é dun total de 60 persoas, dentro deste programa desenvólvense obradoiros de memoria e de actividade física para maiores de 60 anos co fin de mellorar a calidade de vida, a interacción social e a prevención do deterioro físico e cognitivo.

### **8.6. PROGRAMA DE LECER E TEMPO LIBRE**

Actividades destinadas a fomentar as relacións das persoas usuarias no seu propio entorno, co obxectivo de fomentar a diversión e o gozo do tempo libre. Esta actividade realízase en horario de tarde, as dinámicas empregadas son variables e tiveron como obxectivo fomentar as relacións de compañeirismo, traballando e cultivando os valores que a convivencia do grupo precisa.

#### **Temporalización:**

- 20 de xaneiro; charla “Coidado dos pes”, impartida pola podóloga da clínica “Los Murallones” de As Pontes.
- 11 de febreiro; saída á Casa Dopeso, conmemorando o día da Muller Científica.
- 25 de febreiro; celebración do entroido, este ano o disfraz escollido foi de nativos americanos.
- 8 de marzo, Conmemoración Día Mundial da Muller, coa elaboración dun mural de mulleres relevantes ao longo da historia.
- 8 de abril, Día Mundial da Saúde (7 de abril), charla sobre alimentación e hábitos saudables.
- 14 de abril, charla no local da entidade aos alumnos do Obradoiro Dual de Emprego Eume III do Concello de As Pontes.
- 22 de abril, Conmemoración do Día Mundial do Libro, coa elaboración dun mural no que cada un dos nosos usuarios reflectiu a importancia que teñen para eles os libros.
- 29 de abril e 5 de maio, andaina polo pobo con Jorge, monitor do programa Vital Senior da Fundación Siel Bleu; achegámonos ata o parque biosaludable do Campo da Feira.

- 13 de maio, Conmemoración do día das letras Galegas, este ano o homenaxeado é Florencio Delgado Gurriarán. As persoas usuarias da Xanela elaboraron uns marcapáxinas personalizados.
- 7 de xuño, saída ata Sanxenxo, no que se participou no programa de “Lecer Náutico” organizado por Cogami e o Real Club Náutico de Sanxenxo.
- 25 de xuño, festa de primavera, coa colaboración de voluntarios/as, celebrada no propio local da Xanela.
- 14 de xullo, saída polas Fragas do Eume coa entidade Euroeume.
- 22 de setembro, saída ao Mosteiro de Monfero organizada pola entidade Euroeume.
- 3 de outubro, charla informativa “A Xanela é mais do que pensas”, nas asociacións veciñais do Concello.
- 14 de outubro, cineforum no propio local da Xanela coa proxección da película “Un sueño posible”.
- 4 de novembro, celebración do magosto no local da entidade.
- 25 de Novembro, realización do obradoiro audiovisual con motivo da conmemoración do día da Non violencia, no que participaron as persoas usuarias que acoden á entidade.
- 2 de Decembro, representación da peza artística “A SEREA MARIÑA” de Fran Sieira, pola asociación de persoas con diversidade funcional AMBAR, de Ribeira, con motivo da conmemoración do Día Internacional das persoas con discapacidade, que se celebra cada 3 de decembro.
- 13 de Decembro, saída a Ortigueira para participar na actividade Cine de Nadal, organizada polo CAPM de Ortigueira coa proxección da película “Intocable”.
- 30 de decembro, festa de Nadal na que participaron as persoas usuarias e as súas familias e na que compartimos as badaladas cunha peza audiovisual representada por persoas usuarias da entidade.

Así mesmo destacar a participación activa en eventos organizados na nosa localidade co obxectivo de favorecer unha adecuada integración e potenciando as habilidades sociais. O número de beneficiarios son 30 persoas con diversidade funcional e as súas familias.

## 8.7 PROGRAMA AS PONTES CONTIGO

O proxecto de Cidades Compasivas está orientado a fortalecer as capacidades da comunidade para o coidado colectivo das persoas que requiren de coidados paliativos, que sofren soidade ou requiren dalgunha atención especial e das súas familias, persoas coidadoras, profesionais do entorno comunitario e comunidade educativa. Trata de crear unha rede de recursos na comunidade para ofrecer unha atención integral e integrada á persoa, complementando os recursos existentes e creando unha relación de apoio mutuo.

### Obxectivos:

- Inspirar, explicar e implicar cara á importancia e á vocación de coidar, así como, de recoñecer e empoderar aos que o fan.
- Promover os valores de compaixón, participación social e solidariedade, cón fin de ofrecer axuda social e emocional ás persoas que se atopan en situacións de necesidade, ao final da vida ou en soidade e as súas familias, ao tempo que se busca previr o dó complexo.
- Crear unha cidade sostible, accesible e saudable.
- Reforzar o fomento e a promoción da saúde (física, psíquica e social) en torno ao proceso vital.

### Desenvolvemento do programa:

O programa será dividido en varios eixes:

- Análise da realidade.
- Formación aos diferentes axentes implicados no desenvolvemento do programa (ámbito sanitario, social, educativo, empresarial e comunitario).
- Sensibilización á comunidade.
- Intervención e atención directa.
- Desenvolvemento comunitario (considerado como algo transversal ao longo de todo o programa).

As accións que se realizaron ao longo deste 2022 foron:

- Análises da realidade.
- Firma de alianzas para establecer colaboracións.
- Charlas informativas acerca do programa.
- Realización de campañas de sensibilización para promocionar as redes de coidados e o traballo que se realiza.
- Charla formativa sobre a modificación da lei de capacidade xurídica.



## 8.7 SERVICIO DE TRANSPORTE ADAPTADO

O obxectivo é facer accesible o entorno, eliminando as barreiras de accesibilidade que impiden o dificultan o desprazamento para a realización das actividades dos usuario/as con mobilidade reducida e que afecta á plena integración social deste colectivo. Para dar unha mellor cobertura en canto a accesibilidade e respiro familiar para os nosos usuarios/-as. Contamos cunha furgoneta adaptada que fai 4 rutas diarias en horario de tarde de 15:00h a 20:00h e unha ruta de mañá dous días á semana para trasladar os nosos usuarios/-as ao local. O total de beneficiarios para dito servizo é de 15 persoas.



**ASOCIACIÓN DISCAPACITADOS ACTIVOS**

RÚA A XANELA, S/N - 15328 AS PONTES  
TEL./FAX 981 452416 - EMAIL: AXANELA@COGAMI.GAL

## **9. PERSOAS BENEFICIARIAS**

Na actualidade a entidade conta con 235 socios/as, sendo 112 homes e 123 mulleres.

As persoas beneficiarias dos diferentes programas son 35 usuarios/as con diversidade funcional e persoas maiores que forman parte da Asociación e as súas familias. Entre as doenzas que afectan as persoas usuarias cabe destacar: Parkinson, Esquizofrenia, Alzheimer, Retraso Mental, Secuelas de ACV, PCI, Secuelas de TCE con Dano Cerebral, Ataxia de Friedrich, Corea de Huntington, Enfermidade Mental, Discapacidade Auditiva...

## **10. METODOLOXÍA**

- **Difusión do proxecto:**

Divulgación de dípticos e carteis informativos para a entidade da Xanela, actualización da páxina de facebook e posta en marcha da páxina web da asociación.

- **Detección e Valoración de necesidades:**

A valoración da Terapeuta Ocupacional inclúe observar o estado funcional da persoa con discapacidade así como o entorno no que desenrola todas as súas ocupacións da vida diaria, entorno que, comprende tanto aspecto físico como o cultural, social e familiar do individuo. Realízase unha entrevista familiar para recoller datos sobre a situación socio- sanitaria e o grado de deterioro do/a usuario/a. Faise unha valoración da situación funcional, do estado mental e do estado afectivo do usuario/a.

- **Elaboración dun plan de intervención individualizado:**

Con todos os datos obtidos elabórase un Plan de Intervención Individualizado para cada un dos/as usuarios/as.

O plan está formado por un conxunto de actividades coas que pretende manter as capacidades mentais das persoas o maior tempo posible, potenciar a súa autonomía e con elo a súa autoestima, facilitar a súa interacción co entorno físico e humano, orientalo na realidade, estimular a reminiscencia, diminuír a ansiedade e a confusión, evitar que se desconecte do mundo que o rodea adaptándoo funcionalmente, mellorar a súa calidade de vida e en xeral, mellorar a súa saúde.

- **Asesoramento para a adaptación do entorno familiar:**

A terapeuta ocupacional realiza un asesoramento á persoa con discapacidade ou persoa maior, así como aos familiares ou cuidadores/as para a adaptación funcional do domicilio e en produtos de apoio, así como no adestramento das mesmas.

- **Seguimento e Avaliación:**

Periodicamente realizase unha valoración das persoas usuarias por si fose necesario modificar as formas de actuación cos mesmos ou aconsellar aos familiares sobre outro dispositivo mais convinte á evolución da enfermidade.

Realízanse reunións coa dirección da asociación para facer un seguimento dos casos, incluso tamén se teñen xuntanzas e contacto con outras entidades públicas e privadas para facer seguimento de casos e derivacións cando así se valoren.

Lévase a cabo un proceso de avaliación continua de todas as persoas participantes, por medio de instrumentos de valoración e a observación directa e indirecta.

Os resultados obtidos son moi positivos, xa que os/as usuarios/as participaron activamente nas actividades levadas a cabo ao longo do ano 2022.



## **11. TEMPORALIZACIÓN.**

Todas as medidas adoptadas e actividades programadas realizáronse ao longo do ano 2022; facendo fincapé nas actividades terapéuticas individualizadas, e modificando continuamente o cronograma de traballo:

	<b>Luns</b>	<b>Martes</b>	<b>Mércores</b>	<b>Xoves</b>	<b>Venres</b>
9h-14h	Terapia Ocupacional	Terapia Ocupacional	Terapia Ocupacional Fisioterapia (10-18h)	Terapia Ocupacional	Terapia Ocupacional
10-13h	Respiro Familiar	Respiro Familiar	Respiro Familiar	Respiro Familiar	Respiro Familiar
10:30h-12:00h		Taller Memoria			
12h-13h	Hidroterapia		Hidroterapia		Reunión Equipo
16h-19h	Palillos Obradoiro Creativo Respiro Familiar	Palillos Artes Plásticas Respiro Familiar	Lanaterapia	Actividades Socieducativas Obradoiro Temporal	Programa Vital Senior Ocio e tempo libre
16:30-18h	Taller Memoria Goente Envellecemento Activo	Envellecemento Activo		Envellecemento Activo	



## **12. CONCLUSIONES**

A continuidade nos diferentes programas permite aos usuarios e usuarias a seguir traballando na procura dos obxectivos expostos polo equipo técnico. Os resultados obtidos son moi positivos, amosándose melloría coas intervencións, así como estabilidade no caso das persoas usuarias con trastornos cognitivos. Así mesmo, aumentamos o número de usuarios/as, polo que a continuidade dos diferentes programas, non só beneficia as intervencións xa iniciadas, se non que permite que a veciñanza de As Pontes e arredores conten cun servizo no propio concello que evita os desprazamentos a outros lugares e se poida facilitar a conciliación familiar.



RÚA A XANELA, S/N - 15328 AS PONTES  
TEL./FAX 981 452416 - EMAIL: AXANELA@COGAMI.GAL

## TABOAS DE INTERVENCIÓNS ANUAIS

<b>ATENCIÓNS INDIVIDUAIS</b>	
Entrevista Familiar	11
Valoracións	8
Informes	0
Asesoramentos	15
Reunións de Equipo	7
Terapias individuais	1327
Sesións de Fisioterapia/Centro Activa	317
As Pontes Contigo	21

<b>SESIÓNS GRUPAIS</b>	
Actividades socioeducativas	15
Taller Memoria	49
Bolillos	69
Ganchillo -Lanaterapia	36
Artes Plásticas	31
Obradoiro Creativo	27
Obradoiro Temporal	20
Programa Vital Senior	28
Ocio e tempo libre	55
Hidroterapia	54
Psicomotricidade	2
Intervención en Domicilio	0
Saídas	3
Musicoterapia	22
Terapia con Animais	3
Respiro Familiar	110
Envellecemento Activo no rural	32

**ASAMBLEA XERAL: 20 de Maio de 2022**